

REUNIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE

O día 22 de agosto de 2025 as Organizacións Sindicais mantivemos unha xuntanza coa Dirección Xeral de Defensa do Monte (DXDM) para abordar a grave situación derivada dos incendios forestais de Galicia e as condicións de traballo do persoal.

Na reunión trasladamos as seguintes demandas e cuestións:

1. **Cobertura áxil do 100 % de tódalas prazas vacantes e non vacantes do SPIF** (incluídas incapacidades temporais e vacacións), co obxectivo de garantir que o operativo poda funcionar con plena capacidade. Non podemos nin debemos permitir que, en plena campaña de incendios estivésemos con mais de 200 prazas sen cubrir.
2. **Convocatoria inmediata do Comité de Seguridade e Saúde do persoal en tarefas de extinción:**
 - a. **Novos EPIs de extinción:** ante a aparición de queimaduras en moitos compañeiros/as ocasionadas a causa da radicación producida, polas lapas nos novos traxes de extinción, solicitamos que se tomen as medidas correctoras necesarias de cara a resolver este problema (eliminación das bandas reflectantes de brazos e pernas e cambio de patróns para que os brazos teñan unha folgura maior entre a pel e o propio traxe ignífugo).
 - b. **Desinfección dos EPI de extinción, debido á exposición a contaminantes de orixe químico:** non é comprensible que levemos 2 anos reclamando esta cuestión e aínda se lle sigan dando voltas, cando outras Comunidades Autónomas xa o teñen resolto.
 - c. **Solicitamos un informe detallado dos accidentes producidos durante a actual vaga de lumes,** así como as conclusións das investigacións realizadas das súas causas.
3. **Solicitamos, unha vez pasada a vaga de lumes, a apertura dunha mesa de negociación de cara a regular as condicións do persoal desprazado fora do seu Distrito,** en especial cando sexa necesario pasar a noite fora dos seus domicilios.

4. **Tempo de traballo máximo de 12 horas:** garantir a seguridade do persoal debe ser a premisa fundamental do servizo, debemos ter claro que non se pode nin se debe pasar as 12 horas de traballo efectivo, por iso é fundamental que o operativo estea completo ao 100%. Solicitamos información precisa sobre como se van a compensar todas as horas extras realizadas de todo o persoal do SPIF.

Desde as Organizacións Sindicais insistimos na necesidade de que da situación vivida neste último mes, con mais de 570 incendios na nosa Comunidade, é necesario cambiar cousas e seguir reforzando un operativo público, que estes días demostrou ser o mellor de todo o país, por iso e para seguir mellorando, é necesario que:

- **O dispositivo estea operativo durante os 12 meses do ano.**
- **As condicións de traballo sexan iguais para todos, debe estenderse aplicación do acordo de persoal funcionario ao persoal laboral, e**
- **Incremento de persoal coa creación de prazas onde sexa necesario (centros de coordinación, puntos de vixilancia, bombeiros forestais e por suposto xefes de brigada – o feito de crear 147 prazas desta especialidade permitiría duplicar o número de brigadas).**